

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR (BOIMORTO)
CURSO: EDUCACIÓN PRIMARIA (1º A 6º)
MATERIA: MÚSICA (1º a 6º) e PLÁSTICA (1º A 4º)
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN ARTÍSTICA
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ACLARACIÓN PREVIA

Diría o Nobel mexicano Octavio Paz: "As masas humanas mais perigosas son aquelas en cujas veas foi inxectado o veneno do medo, do **medo ao cambio**". Partindo da necesidade de proxectar outro tipo de metodoloxía ante a situación de confinamento quixemos:

- Aproveitar os **MEDIOS** e os **COÑECEMENTOS** adquiridos ata o momento da irrupción das clases e incorporar outros necesarios para a mellora da comunicación e desenvolvemento do ensino
- Plantexar unha nova **METODOLOXÍA** global, interdisciplinar, participativa e motivadora
- Adaptarnos ás distintas realidades dos nenos e dos **MEDIOS DIXITAIS** dispoñibles. Aclaremos que a maioría tiña acceso á internet e que nos poucos casos de ausencia de medios, foron suplidos polo centro ou pola Administración.
- Proporcionar, máis que tarefas, **RECURSOS** para realizar na súa contorna e coas súas familias, sempre buscando a interacción e o feed-back

En resumo: **REORIENTAR O ENSINO** a través da coordinación de todos os axentes implicados (alumnos, pais e mestres) en aras dun único fin: **UNHA ATENCIÓN ÓPTIMA AOS NENOS**.

Neste senso, o enfoque centrouse na elaboración de **actividades artísticas (plásticas e musicais)** que xiran en torno a **CENTROS DE INTERESE**, dirixidas cara ao **desenvolvemento competencial do alumno**, que cobra especial relevancia nesta circunstancia.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles serán aquelas sinaladas na PD que fan referencia á 1ª e 2ª avaliación e levadas a cabo ata o establecemento do estado de alarma, o 13/3/20. Neste período trataremos de desenvolver os seguintes aspectos.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Mostrar interese e participar nas tarefas propostas	- Expresa as súas apreciacións e remite os traballos propostos no blog
- Indagar e buscar materiais e información a través dos medios dispoñibles	- Esfórzase por ser creativo e ofrece unha visión propia do que se lle formula
- Propoñer e compartir recursos que axuden a enriquecer o coñecemento da contorna e da cultura tanto propia como máis lonxana	- Participa activamente interesándose polo coñecemento da cultura autóctona e tamén a allea
- Realizar composicións e manifestacións artísticas perseguindo e valorando o ámbito estético pero tamén o disfrute	- Elabora composicións e producións artísticas buscando a expresividade, beleza e a creatividade
- Elaborar recursos empregando as canles dixitais	- Realiza vídeos, gravacións, debuxos ou presentacións empregando recursos dixitais.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> - Rexistro de tarefas - Realización de cuestionarios e actividades interactivas - Interacción individualizada - Clase virtual en grupo
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> - Diario - Blog e email (A Banda do Armando) - Edmodo: chat e cuestionarios - Zoom: videochamada (5º/6º) - Google formularios: realización de cuestionarios
Cualificación final	<p>A cualificación final ven determinada pola 1ª e 2ª avaliacións.</p> <p>Poderán incrementar a súa nota nun punto a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Implicación na materia (chat e videochamada) - Entrega de traballos no prazo establecido - Realización de cuestionarios e interactivos - Presentación dos traballos e tarefas - Iniciativa propia e creatividade

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades: -recuperación -repaso -reforzo -ampliación	<ul style="list-style-type: none"> - Explicacións - Visualización de vídeos - Audicións - Musicogramas - Producións artísticas con materiais da contorna ou de refugallo - Interpretar e crear pezas artísticas - Busca de información
Metodoloxía	<p>Diariamente se incorpora ao blog unha entrada que parte dos contidos vistos na aula, que sexan significativos para os nenos, e que versen sobre un CENTRO DE INTERESE. Deste xeito, dunha entrada podemos extraer contidos musicais, contidos artísticos, pero tamén relacionados con outras materias (historia, xeografía, idiomas, lingua, etc.), favorecendo a curiosidade e a interacción coa contorna e coa familia.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Textos de elaboración propia ou enlaces a páxinas - Partituras propias e tamén da rede - Audios: da rede e tamén propios - Vídeos: tanto de youtube coma de elaboración propia - Cuestionarios e actividades interactivas propias: Google Formularios e de h5p

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A publicación de contidos e actividades terá lugar diariamente a través do blog: https://abandadoarmando.blogspot.com/</p> <p>No caso dos grupos de 5º e 6º, seguimos interactuando por medio da app <i>Edmodo</i> e da videochamada pola plataforma <i>Zoom</i>¹.</p> <p>O contacto coas familias realízase a través do email: mailto:abandadoarmando@gmail.com</p>
Publicidade	<p>Na web do centro atópase o enlace ao blog anteriormente citado (https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarmandocotarelo/?q=taxonomy/term/110)</p>



¹ Decantámonos finalmente por *Zoom* xa que a plataforma facilitada pola Xunta de Galicia *Cisco Webex* -entre outras que probamos- non deu uns resultados de conectividade óptimos para o desenvolvemento da sesión.